

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

RESOLUCIÓN do 25 de marzo de 2014 pola que se incrementa a dotación orzamentaria da Resolución do 23 de setembro de 2013 pola que se regula o procedemento para a distribución de froitas frescas ao alumnado de centros escolares e se convocan para o curso escolar 2013/14.

A Resolución da Consellería do Medio Rural e do Mar do 23 de setembro de 2013 (DOG núm. 185, do 27 de setembro) regula o procedemento para a distribución de froitas frescas ao alumnado de centros escolares e se convocan as axudas para o curso 2013/14.

No artigo 19, financiamento, establécese que serán cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) nun 75 %, e con fondos propios que cofinancian da Xunta de Galicia por un 25 %.

Igualmente neste artigo, precísanse as aplicacións orzamentarias e o importe económico previsto para o financiamento das ditas axudas para o curso 2013/14: 10.000 euros para o exercicio 2013 e 121.000 euros para o exercicio 2014.

No parágrafo 2 sinalase que as dotacións iniciais se poderán incrementar, se for procedente, con outros fondos procedentes do Fondo Europeo Agrícola de Garantía, dos orzamentos xerais do Estado e da Comunidade tramitando o expediente de modificación de crédito oportuno.

Coa finalidade de poder atender todas as solicitudes recibidas dos centros escolares relativas ás actividades que se subvencionan, detallados no artigo 3 da resolución, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e xestionadas polo Fondo Galego de Garantía Agraria, posto que a dotación existente resulta insuficiente, e nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, existe unha maior dotación orzamentaria, para esta aplicación e proxecto, xa que se tramitou a oportuna modificación orzamentaria, cómpre, mediante esta resolución, incrementar a dotación orzamentaria consignada para a concesión das mencionadas axudas.



En consecuencia, e de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

DISPOÑO:

Artigo único

1. A dotación orzamentaria prevista para as axudas especificadas no artigo 3 da Resolución do 23 de setembro de 2013 (DOG nº 185, do 27 de setembro), conforme o artigo 19 parágrafo 2, increméntase no importe de 156.135,08 euros, e con cargo á aplicación 12.80.713F.779.0, plan de consumo de froitas na escola, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014, polo que o importe total para estas axudas, despois deste incremento é de 287.135,08 euros.

2. En todo caso, a concesión das axudas reguladas na dita resolución estará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias.

Disposición adicional única

O incremento de crédito previsto no artigo único desta resolución non afecta o prazo de presentación de solicitudes establecido na Resolución do 23 de setembro de 2013 (DOG nº 185, do 27 de setembro).

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2014

Patricia Ulloa Alonso
Directora do Fondo Galego de Garantía Agraria

